

AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE ARBO



ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS	1
INTRODUCCIÓN	2
OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN	2
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	3
METODOLOXÍA DA AVALIACIÓN	3
ESTRUTURA DO II PLAN: ACTUACIÓNS POR ÁREAS	4
RESULTADOS DA AVALIACIÓN.....	5
ÁREA DE ACTUACIÓN I: INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NAS POLÍTICAS E ACCIÓNS MUNICIPAIS	5
MEDIDAS EXECUTADAS	7
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	8
ÁREA DE ACTUACIÓN II: IGUALDADE NA EDUCACIÓN E NOS VALORES	9
MEDIDAS EXECUTADAS:	11
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	13
ÁREA DE ACTUACIÓN III: IGUALDADE NA XESTIÓN DOS TRABALLOS E DOS TEMPOS	14
MEDIDAS EXECUTADAS	16
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	17
ÁREA DE ACTUACIÓN IV: IGUALDADE NO EMPREGO.....	18
MEDIDAS EXECUTADAS	20
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	22
ÁREA DE ACTUACIÓN V: IGUALDADE NA PARTICIPACIÓN E NO LIDERADO	23
MEDIDAS EXECUTADAS	25
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS:	26
ÁREA DE ACTUACIÓN VI: IGUALDADE NA CALIDADE DE VIDA E BENESTAR	27
MEDIDAS EXECUTADAS	29
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	32
ÁREA VII: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	33
MEDIDAS EXECUTADAS	35
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	37
ÁREA VIII: INTERVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO	38
MEDIDAS EXECUTADAS	39
CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS	40
CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.....	41
Recomendacións:	42

INTRODUCCIÓN

O Concello de Arbo puxo en marcha no ano 2019 o seu II Plan de Igualdade municipal co obxectivo de dar continuidade e reforzar o traballo que se viña realizando para reducir as desigualdades de xénero en todos os eidos da actividade municipal.

Este plan foi deseñado como unha ferramenta de traballo para orientar as políticas do Concello cara a promoción da igualdade real e unha vez rematado o seu período de vixencia (2019-2023), procédese a levar a cabo a súa avaliación final. Esta avaliación busca comprobar a pertinencia, eficacia e eficiencia das actuacións postas en marcha, o que permite identificar os obstáculos para o seu desenvolvemento, identificar as fortalezas e efectuar as recomendacións que sirvan como base nas elaboracións de futuros plans.

Esta avaliación do II Plan de Igualdade permitirá orientar a elaboración do novo plan, redefinindo, reprogramando e reforzando, no caso de que sexa preciso, as diferentes liñas de acción para avanzar na consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Na realización desta avaliación non se pode obviar o impacto derivado da situación xerada pola irrupción da COVID-10 no primeiro semestre do 2020, provocando unha situación de emerxencia e alarma que condicionou notablemente o desenvolvemento deste plan, non só no ano 2020 senón tamén no 2021.

Este documento recolle os resultados das tarefas de seguimento e avaliación das medidas comprendidas no II Plan ao longo da súa vixencia e responde á seguinte estrutura:

- Esta introdución ao texto.
- Os obxectivos da avaliación do plan.
- A metodoloxía utilizada para a elaboración da avaliación.
- Resumo da estrutura que segue o I Plan de Igualdade do Concello de Arbo.
- Resultados da avaliación por áreas, onde se explican as medidas que contén cada área, a explicación das medidas executadas e as conclusións extraídas.

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

O obxectivo xeral é elaborar un informe de avaliación a partir da análise da información recollida a través das ferramentas avaliativas aplicadas, que recolla

unha exposición dos principais resultados de execución e as conclusións e recomendacións de cara a á elaboración do novo plan.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Para a consecución do obxectivo xeral, formúlanse os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan de Igualdade.
- Identificar e cuantificar as actuacións realizadas e o alcance destas.
- Dar conta dos principais resultados e das dificultades atopadas, así como de estratexias de mellora para afrontalas.
- Extraer conclusións sobre o desenvolvemento do plan.
- Ofrecer recomendacións de cara á elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Arbo.

METODOLOXÍA DA AVALIACIÓN

Para realizar esta avaliación e medir o grao de execución das diferentes áreas utilizouse unha ferramenta mixta, combinando técnicas cuantitativas e cualitativas. Para iso utilizáronse:

- Memorias anuais
- Entrevistas co persoal do Concello de Arbo.

FASE 1: Recollida e análise de datos obtidos a partir das fontes primarias

Para esta primeira fase realizáronse consultas cos departamentos municipais e analizáronse as memorias anuais de actividades.

FASE 2: Elaboración do informe de avaliación.

A partir da información recollida e analizada elaborouse o presente informe de resultados de avaliación que recolle:

- O grao de execución das diferentes áreas.
- Descrición das medidas desenvolvidas.
- Síntese conclusiva por obxectivos de cada área.
- Conclusións xerais do II Plan de Igualdade
- Recomendacións para a elaboración do III Plan.

ESTRUTURA DO II PLAN: ACTUACIÓNS POR ÁREAS


Antes de proceder á análise dos datos de avaliación do plan, é preciso describir brevemente o II Plan de Igualdade do Concello de Arbo. Este Plan está composto por oito áreas, oito obxectivos xerais e dezanove obxectivos específicos, tal e como se recolle na seguinte táboa:

ÁREAS DE ACTUACIÓN	Nº OBXC. ESPECÍFICOS	Nº MEDIDAS
AREA I: Integración do principio de iguaisdades nas políticas e accións municipais	3	9
ÁREA II: Igualdade na educación e nos valores	3	11
ÁREA III: Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos	2	8
ÁREA IV: Igualdade no emprego	2	12
ÁREA V: Igualdade na participación e no liderado	2	8
ÁREA VI: Igualdade na calidade de vida e benestar	4	17
ÁREA VII: Sensibilidade e prevención da violencia de xénero	2	8
ÁREA VIII: Intervención e tratamento da violencia de xénero	1	4
TOTAL	19	77

No gráfico que se presenta a continuación recóllese a distribución porcentual das medidas o II Plan de Igualdade do Concello de Arbo por área estratéxica.

Distribución porcentual das actuacións do plan por área estratéxica

- AREA I: Integración do principio de iguaisdades nas políticas e accións municipais
- ÁREA II: Igualdade na educación e nos valores
- ÁREA III: Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos
- ÁREA IV: Igualdade no emprego
- ÁREA V: Igualdade na participación e no liderado
- ÁREA VI: Igualdade na calidade de vida e benestar
- ÁREA VII: Sensibilidade e prevención da violencia de xénero



A área cun maior número de medidas é a Área VI: Igualdade na calidade de vida e benestar, cun 22% sobre o total; séguelles a Área IV: Igualdade no emprego que representa o 16%. A Área II: Igualdade na educación e nos valores contén o 14% das medidas.

Pola súa banda, á Área I: Integración do principio de igualdade nas políticas e accións municipais contén o 12% das medidas, a Área III: Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos o 11% e a Área VII: Sensibilidade e prevención da violencia de xénero o 10%.

Por último, a área de intervención con menor número de medidas a executar é a Área VIII: Intervención e tratamento da violencia de xénero, que representa o 5%.

RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Neste apartado analizaranse as diferentes áreas incluídas no II Plan de Igualdade do Concello de Arbo. En primeiro lugar, ofrecerase un breve resumo do contido de cada área, seguido da presentación dos obxectivos e medidas que foron propostas. A continuación, detallaranse as medidas executadas, avaliando o seu grao de implementación. Por último, extraeranse as conclusións do análise, co obxectivo de avaliar en que medida se lograron os obxectivos formulados e identificar posibles áreas de mellora.

ÁREA DE ACTUACIÓN I: INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NAS POLÍTICAS E ACCIÓNS MUNICIPAIS

A integración do enfoque de xénero de forma transversal nas accións levadas a cabo polos distintos departamentos do Concello de Arbo é unha das medidas contempladas no Plan. Esta integración é fundamental para lograr a verdadeira instauración do principio de igualdade nas actuacións municipais.

A continuación, recóllense as medidas previstas no II Plan para cada obxectivo operativo de área nunha táboa resumo.

AREA 1. INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NAS POLÍTICAS E ACCIÓNS MUNICIPAIS

OBXECTIVO 1: Establecer accións de coordinación que permitan impulsar medidas concretas e políticas de igualdade de oportunidades

1.1 Poñer en marcha campañas de difusión do II Plan de Igualdade de Oportunidades, dirixido á administración pública, tecido asociativo, axentes sociais, entidades que traballan en prol da igualdade e cidadanía en xeral

1.2 Establecer reunións anuais para realizar o seguimento do plan de igualdade

1.3 Seguir a realizar colaboracións con aqueles organismos que realicen labores de investigación relacionadas coa violencia machista e a promoción da igualdade

OBXECTIVO 2: Integrar a perspectiva de xénero nos procedementos administrativos de recollida, análise, elaboración e difusión de información xerada no Concello de Arbo.

2.1 Incluír a variable sexo de forma sistemática nas bases de datos e sistemas de información xeradas desde o Concello.

2.2 Introducir a perspectiva de xénero nos procedementos administrativos (resolución, ordes, escritos, notificacións, solicitudes, alegacións, información pública etc.) das diferentes áreas municipais.

2.3 Poñer en marcha mecanismos de asesoramento, orientación e formación en materia de igualdade e perspectiva de xénero, dirixido ás estruturas técnicas e políticas


OBXECTIVO 3: Consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas

3.1 Reforzar os coñecementos do persoal responsable da redacción de documentos, coa finalidade de detectar o sexismo da linguaxe na súa práctica profesional e adquirir os mecanismos precisos para evitalo.

3.2 Proxectar unha linguaxe e imaxes inclusivas nas canles de difusión municipal (páxina web, prensa, redes sociais etc.)

3.3 Valorar nos pregos de condicións para a contratación de publicidade e campañas da administración local, indicadores que fagan referencia á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Esta área tivo un desenvolvemento de 55,55 % fronte a un 45,45% das medidas non executadas. Máis concretamente, executáronse 5 medidas dun total de 9.



MEDIDAS EXECUTADAS

Seguidamente descríbense as medidas executadas desta primeira área, integración do principio de igualdade nas políticas e accións municipais.

OBXECTIVO 1: Establecer accións de coordinación que permitan impulsar medidas concretas e políticas de igualdade de oportunidades

1.1 Poñer en marcha campañas de difusión do II Plan de Igualdade de Oportunidades, dirixido á administración pública, tecido asociativo, axentes sociais, entidades que traballan en prol da igualdade e cidadanía en xeral

Durante a celebración da Festa da Lamprea, evento de gran relevancia na contorna e recoñecido como festa de interese turístico internacional, colocouse un stand informativo do Concello. Neste espazo, entre outras cuestións, difundíuse o contido do II Plan de Igualdade, facendo chegar a información tanto a visitantes como a entidades locais. Ademais, o Plan foi presentado na Mesa Local de Coordinación (MLC), reforzando a súa visibilidade e implicación entre os axentes clave. De igual maneira, incluíuse o Plan en todas as axudas solicitadas á Xunta de Galicia (en áreas como turismo, igualdade, etc.), o que subliña o compromiso institucional coa súa difusión e implementación.

1.3 Seguir a realizar colaboracións con aqueles organismos que realicen labores de investigación relacionadas coa violencia machista e a promoción da igualdade

Realizáronse colaboracións con diferentes organismos vinculados á loita contra a violencia de xénero e á promoción de igualdade como a Subdelegación do Goberno de Pontevedra, o Ministerio de Igualdade etc. Tamén, coa FEGAMP ou FEMP dando resposta a formularios que envían ao concello para obter información sobre diferentes temáticas vinculadas á loita contra a violencia de xénero e a promoción da igualdade nas administracións locais.

OBXECTIVO 2: Integrar a perspectiva de xénero nos procedementos administrativos de recollida, análise, elaboración e difusión de información xerada no Concello de Arbo.

2.1 Incluir a variable sexo de forma sistemática nas bases de datos e sistemas de información xeradas desde o Concello.

Esta medida considérase parcialmente executada, xa que a inclusión da variable sexo nas bases de datos e sistemas de información non é uniforme en todas as áreas do Concello. Observouse que a variable sexo está presente en servizos como os de atención e apoio familiar, e nas memorias do Servizo de Atención Psicolóxica, o que é un avance importante. Non obstante, existen áreas, nas que aínda non se incluíu esta variable.

2.2 Introducir a perspectiva de xénero nos procedementos administrativos (resolución, ordes, escritos, notificacións, solicitudes, alegacións, información pública etc.) das diferentes áreas municipais.

Esta medida está parcialmente executada. A perspectiva de xénero estase introducindo en determinados procedementos administrativos, pero a implementación é desigual entre as áreas municipais. Mentres algúns departamentos comezaron a integrar esta perspectiva de forma máis sistemática, outros aínda non o fan con regularidade.

2.3 Poñer en marcha mecanismos de asesoramento, orientación e formación en materia de igualdade e perspectiva de xénero, dirixido ás estruturas técnicas e políticas

Recibiuse formación e asesoramento específico para a creación e o seguimento da Mesa Local de Coordinación (MLC), o que representa un avance significativo na promoción da igualdade dentro da estrutura organizativa do Concello.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

Nesta análise, cómpre destacar que os obxectivos operativos 1 e 2 tiveron un elevado grao de execución, aínda que algunhas das accións desenvolvidas representan só o inicio da instauración da perspectiva de igualdade, un aspecto no que se debe seguir traballando.

No que respecta ao primeiro obxectivo operativo, "establecer accións de coordinación que permitan impulsar medidas concretas e políticas de igualdade de oportunidades", obsérvase que a Mesa Local de Coordinación (MLC) está plenamente instaurada e que a coordinación entre axentes implicados está consolidada. Na actualidade estanse realizando colaboracións con organismos clave na loita contra a violencia de xénero e na promoción da igualdade, porén, sería beneficioso reforzar aínda máis estas colaboracións, ampliando o traballo con outros organismos especializados e impulsando investigación propias no ámbito local para afondar no coñecemento da realidade de Arbo en materia de igualdade. Non obstante, persisten carencias no seguimento do plan, un elemento fundamental para a súa correcta aplicación e que facilita, á súa vez, a avaliación das accións executadas. Se ben é certo que se realizaron acción de difusión do plan e estas accións foron moi positivas, será necesario un seguimento continuo para garantir que a difusión chegue de forma sistemática a todos os grupos de interese e cidadáns.

O segundo obxectivo operativo, "integrar a perspectiva de xénero nos procedementos administrativos de recollida, análise, elaboración e difusión de

información xerada no Concello de Arbo", considérase amplamente executado. Porén, persisten certos desequilibrios entre departamentos, accións e áreas. A inclusión da variable sexo nas bases de datos e sistemas de información non é uniforme, polo que sería necesario seguir afondando neste aspecto e por exemplo, estandarizar o rexistro desta variable en todos os procesos administrativos, garantindo así unha recollida de datos máis precisa e equitativa en todas as áreas.

O mesmo ocorre coa incorporación da perspectiva de xénero nos procedementos administrativos, onde se observa unha implementación irregular, con algúns casos de éxito e outros onde a implicación e os resultados non son tan satisfactorios. Ademais, a formación e o asesoramento en materia de igualdade deberían ampliarse a toda a estrutura técnica e política do concello. Será preciso seguir traballando para que todos os procedementos administrativos do Concello adopten de maneira coherente a perspectiva de xénero, asegurando que a igualdade estea presente en cada fase de xestión administrativa.

Por último, é importante subliñar que o obxectivo de "consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas" non se considera alcanzado. Aínda que en moitas publicacións nas redes sociais se emprega unha linguaxe inclusiva, seguen existindo numerosas outras que non atenden a esta cuestión. Durante os anos de execución do plan, non se levaron a cabo accións específicas para mellorar o coñecemento sobre o uso da linguaxe non sexista, e tampouco se están utilizando indicadores que reflectan a igualdade de xénero nos pregos de contratación das empresas encargadas da publicidade e campañas. Por este motivo, é necesario un maior compromiso neste ámbito, así como a delimitación de obxectivos máis claros, sinxelos e realistas para instaurar de maneira efectiva o uso da linguaxe non sexista na administración.

ÁREA DE ACTUACIÓN II: IGUALDADE NA EDUCACIÓN E NOS VALORES

Esta segunda área de intervención tivo por obxectivo manter a liña de traballo que se estaba levando de cara á sensibilización e concienciación do conxunto da poboación sobre a igualdade de xénero en todos os ámbitos.

Fomentar a coeducación na comunidade escolar (alumnado, profesorado e familias) con diferentes accións deseñadas especialmente para cada grupo de idade é fundamental, xa que a escola é un dos principais axentes socializadores e reprodutor e multiplicador de valores. Do mesmo xeito, as accións municipais deben axudar a visibilizar os modelos educativos e non sexistas tanto nas súas accións específicas, como noutras actividades sociais e culturais. Un cambio de actitudes e valores tamén ten que incluír o respecto á diversidade afectivo-sexual e ás identidades de xénero.

O cadro que se presenta a continuación, recolle os obxectivos e medidas formulados para esta área III, a Igualdade na educación e nos valores.

AREA II IGUALDADE NA EDUCACIÓN E NOS VALORES

OBXECTIVO 1: Fomentar a coeducación en todos os ámbitos educativos, sensibilizando especialmente á comunidade escolar sobre a necesidade de traballar en prol da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia

1.1 Establecer reunións colaborativas coa dirección do CEIP Antonio Carpintero e do Punto de Atención á Infancia, para difundir o II Plan de Igualdade.

1.2 Realizar xornadas de formación e sensibilización, coa finalidade de que os docentes, monitorado de ocio e tempo libre, monitorado de actividades artísticas e deportivas (entre outro persoal) promovan prácticas coeducativas no seu desempeño profesional.

1.3 Incluír dentro da programación do curso escolar, actividades dirixidas a promover a coeducación e a igualdade de oportunidades.

1.4. Seguir a impulsar a través das ANPAS e outras entidades locais, a participación familiar na escola de Nais e Pais e outros programas afíns, dirixidos a fomentar a promoción da igualdade a reflexionar sobre a práctica coeducativa.

OBXECTIVO 2: Fomentar a igualdade de oportunidades entre a poboación de Arbo, a través da visibilización de modelos educativos e non sexistas que promovan actitudes, valores e comportamentos igualitarios e tolerantes.

2.1 Incorporar contidos coeducativos na oferta das actividades municipais (campamentos de verán, festas locais, etc.)

2.2 Primar as relacións contractuais e de colaboración con aquelas entidades e profesionais da educación e do tempo libre que inclúen nas súas accións o principio de igualdade.

2.3. Realizar actividades lúdicas dirixidas á poboación infantil e xuvenil, con contidos que promovan a coeducación e a igualdade de oportunidades.

2.4 Realizar materiais e xornadas divulgativas en materia de igualdade, dirixidas a toda a cidadanía.


OBXECTIVO 3: Impulsar modelos igualitarios nas relacións afectivo sexuais e promover valores e actitudes inclusivas con respecto á orientación sexual e ás identidades de xénero.

3.1 Desenvolver programas e actividades de educación afectivo sexual dirixidos á infancia, adolescencia e xuventude que promovan relacións afectivas tolerantes, igualitarias e responsables dende o recoñecemento da diversidade.

3.2 Poñer en marcha accións formativas e divulgativas dirixidas ás familias en materia de educación afectivo sexual.

3.3 Desenvolver accións de visibilización e sensibilización social que fomenten actitudes de respecto e tolerancia á diversidade sexual, dende a promoción dun cambio cultural e de valores a Favor da igualdade de xénero.

O gráfico que se inclúe a continuación permite observar que esta área tivo un alto grao de execución, xa que se levou a cabo o 90.90% das medidas, concretamente 10 dun total de 11.



MEDIDAS EXECUTADAS:

Neste apartado, explícanse as medidas executadas na área de Igualdade na educación e nos valores.

1.1 Establecer reunións colaborativas coa dirección do CEIP Antonio Carpintero e do Punto de Atención á Infancia, para difundir o II Plan de Igualdade.

Realizáronse reunións coa dirección do CEIP Antonio Carpintero para programar as actividades no centro, recollidas no II Plan de Igualdade.

1.3 Incluir dentro da programación do curso escolar, actividades dirixidas a promover a coeducación e a igualdade de oportunidades.

Durante os anos de execución do plan realizáronse numerosas actuacións dirixidas a coeducación e á igualdade de oportunidades. Atendendo aos datos das memorias anuais de actividades, realizáronse accións nos centros educativos como graffitis sobre a igualdade no muro do patio escolar, traballos arredor das mulleres pioneiras e numerosas accións formativas sobre educación emocional, sensibilización en igualdade, etc.

1.4. Seguir a impulsar a través das ANPAS e outras entidades locais, a participación familiar na escola de Nais e Pais e outros programas afíns, dirixidos a fomentar a promoción da igualdade a reflexionar sobre a práctica coeducativa.

Asinouse un novo anexo de convenio de colaboración coa ANPA A Lumbre. Durante os anos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023 realizáronse actividades formativas orientadas as familias. Ademais, remitíronselle informes sobre os resultados das accións realizadas co alumnado, xunto con recomendacións e consellos para levar a cabo cos seus fillos e fillas.

OBXECTIVO 2: Fomentar a igualdade de oportunidades entre a poboación de Arbo, a través da visibilización de modelos educativos e non sexistas que promova actitudes, valores e comportamentos igualitarios e tolerantes.

2.1 Incorporar contidos coeducativos na oferta das actividades municipais (campamentos de verán, festas locais, etc.)

Os departamentos de Servizos Sociais, Cultura e Deportes ofreceron, a través de actividades de ocio xuvenil e dos servizos dirixidos á infancia, contidos que fomentaban a igualdade entre mulleres e homes. Segundo as memorias anuais dos campamentos de verán, semana santa, nadal etc incluíronse actividades que traballaban de maneira específica a igualdade na súa programación. Ademais, na programación de actividades vinculada á celebración da Festa da Lambrea ofrecéronse diversas propostas con contido coeducativo (contacontos, concertos etc.).

2.2 Primar as relacións contractuais e de colaboración con aquelas entidades e profesionais da educación e do tempo libre que inclúen nas súas accións o principio de igualdade.

A programación das actividades nos campamentos realizados durante o período de vixencia do plan incluía contidos específicos sobre igualdade, coeducación e corresponsabilidade, presentados dun xeito lúdico.

2.3. Realizar actividades lúdicas dirixidas á poboación infantil e xuvenil, con contidos que promovan a coeducación e a igualdade de oportunidades.

O Departamento de Igualdade puxo en marcha diversas accións dirixidas á poboación xuvenil e infantil, con actividades especialmente deseñadas para este colectivo, co fin de promover a coeducación e a igualdade dun xeito divertido. Algúns exemplos destas iniciativas foron a creación de graffitis e murais, o "violéntómetro", e raps sobre igualdade, entre outros.

2.4 Realizar materiais e xornadas divulgativas en materia de igualdade, dirixidas a toda a cidadanía.

Con motivo da conmemoración do 25N e/ou 8M, elaborouse material específico, como carteis, pañoletas, vasos e chalecos, todos eles con mensaxes a favor da igualdade. Ademais, distribuíronse folletos informativos con recursos específicos nas festas, a través de mesas de sensibilización destinadas á promoción da igualdade e á prevención da violencia de xénero.

OBXECTIVO 3: Impulsar modelos igualitarios nas relacións afectivo sexuais e promover valores e actitudes inclusivas con respecto á orientación sexual e ás identidades de xénero.

3.1 Desenvolver programas e actividades de educación afectivo sexual dirixidos á infancia, adolescencia e xuventude que promovan relacións afectivas tolerantes, igualitarias e responsables dende o recoñecemento da diversidade.

Durante os anos de execución do Plan leváronse a cabo obradoiros de educación afectivo-sexual en diferentes cursos de Educación Primaria do CEIP Antonio Carpineiro.

3.2 Poñer en marcha accións formativas e divulgativas dirixidas ás familias en materia de educación afectivo sexual.

Ao longo destes anos, desenvóléronse actividades con alumnado que tamén tiveron impacto nas familias, a través de informes e recomendacións. Tamén se organizaron actividades destinadas a estas últimas, como os obradoiros "Educar é previr". Ademais, realizouse un obradoiro sobre agresións sexuais orientado á poboación xeral.

3.3 Desenvolver accións de visibilización e sensibilización social que fomenten actitudes de respecto e tolerancia á diversidade sexual, dende a promoción dun cambio cultural e de valores a Favor da igualdade de xénero.

Durante os anos de execución do plan, leváronse a cabo diversas accións de visibilización e sensibilización social, como contacontos centrados na ruptura de estereotipos de xénero, mesas de sensibilización nas festas locais, actuacións con artistas femininas, pezas teatrais, carreiras pola igualdade, e outros actos que promovían a igualdade e a diversidade.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

A área de Igualdade na educación e nos valores destaca por ser unha das máis desenvolvidas, con numerosas medidas implementadas para acadar dous obxectivos principais. O primeiro é fomentar a coeducación en todos os niveis do ámbito educativo, sensibilizando especialmente á comunidade escolar sobre a importancia de traballar a prol da igualdade de oportunidades e na prevención da

violencia de xénero. O segundo obxectivo é promover a igualdade de oportunidades entre a poboación de Arbo, visibilizando modelos educativos non sexistas que promovan actitudes, valores e comportamentos igualitarios e tolerantes.

A colaboración cos centros educativos constitúe un punto forte do programa, xa que se organizan unha gran variedade de actividades dirixidas principalmente ao alumnado. Sería necesario seguir incidindo en toda a comunidade educativa, incluíndo ás familias e ao profesorado. Ademais, cómpre continuar coa formación e sensibilización do persoal encargado de actividades artísticas, deportivas ou culturais no concello, co obxectivo de integrar a perspectiva de xénero no deseño e execución de todas as accións orientadas á mocidade.

Aínda que se ten avanzado, integrando contidos relacionados coa igualdade de xénero en campamentos de verán, resulta fundamental garantir que o persoal que participa nas actividades e a metodoloxía utilizada teñan sempre presente o principio de igualdade. Isto asegurará que non só se promovan contidos, senón que tamén a execución das actividades sexa respectuosa cos valores de igualdade.

En definitiva, esta é unha área consolidada e forte no Concello de Arbo, polo que sería recomendable reforzar e ampliar a oferta, adaptándoa aínda máis ás necesidades específicas da rapazada da contorna, para seguir avanzando cara a unha sociedade máis igualitaria e consciente.

ÁREA DE ACTUACIÓN III: IGUALDADE NA XESTIÓN DOS TRABALLOS E DOS TEMPOS

A terceira área do plan tiña por obxectivo garantir os recursos e servizos sociocomunitarios para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e tamén sensibilizar a toda a poboación sobre a necesaria corresponsabilidade entre mulleres e homes. Sen recursos e servizos adecuados para facilitar a conciliación, as mulleres adoitan asumir a maior parte das responsabilidades no fogar e no coidado de persoas dependentes, perpetuando desigualdades. As medidas encamiñadas a promover a corresponsabilidade non só favorecen a igualdade de xénero, senón que tamén contribúen ao benestar social e económico, permitindo que tanto mulleres como homes teñan igualdade de oportunidades no ámbito laboral e familiar.

Na seguinte táboa indícanse os obxectivos e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Arbo na área de Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos.

AREA 3: IGUALDADE NA XESTIÓN DOS TRABALLOS E DOS TEMPOS

OBXECTIVO 1: Garantir unha rede de recursos e servizos sociocomunitarios diversos e flexibles que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

1.1 Dar continuidade ao PAI e a aqueles recursos e servizos de atención á infancia que incidan na mellora da conciliación das familias do municipio.

1.2 Reforzar a oferta de servizos de axuda no domicilio e outros recursos de proximidade necesarios para a atención a persoas maiores, con diversidade funcional e/ou en situación de dependencia, especialmente nas zonas rurais.

1.3 Impulsar e incentivar a posta en marcha de servizos actividades culturais, educativas, deportivas e de ocio e tempo libre para nenos e nenas fora do horario escolar e en períodos vacacionais, realizando unha difusión coordinada de todos os recursos existentes.

1.4 Apoiar a conciliación das mulleres desempregadas en busca activa de emprego e/ou que participen en accións formativas.

1.5 Promover servizos complementarios de conciliación, durante a realización de actividades e xornadas promovidas polo concello.

OBXECTIVO 2: Sensibilizar ao conxunto da poboación de Arbo sobre a necesaria


corresponsabilidade de mulleres e homes, especialmente no desempeño do traballo doméstico e do coidado de persoas en situación de dependencia.

2.1 Desenvolver programas de respiro familiar dirixidos a persoas coidadoras de persoas maiores, con diversidade funcional e/ou en situación de dependencia.

2.2 Definir e implementar mecanismos de acción positiva no acceso a servizos de proximidade a aquelas persoas que teñan ao seu cargo de forma individual responsabilidades de coidado de persoas en situación de dependencia.

2.3 Ofrecer campañas de sensibilización sobre a importancia do reparto dos tempos e a necesidade de autocoidado e respecto do espazo persoal.

Esta área tivo un bo grado de execución, tal e como se observa no gráfico, xa que se lavaron a cabo o 71,42% das medidas propostas, concretamente 5 dun total de 7.



MEDIDAS EXECUTADAS

A continuación explícanse as medidas executadas durante o período de vixencia do II Plan dentro da área número 3, Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos .

AREA 3: IGUALDADE NA XESTIÓN DOS TRABALLOS E DOS TEMPOS

OBXECTIVO 1: Garantir unha rede de recursos e servizos sociocomunitarios diversos e flexibles que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

1.1 Dar continuidade ao PAI e a aqueles recursos e servizos de atención á infancia que incidan na mellora da conciliación das familias do municipio.

O servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) estivo operativo durante todo o período de execución do plan. O Concello, a través das súas redes, deu visibilidade aos recursos e axudas da Xunta de Galicia, co obxectivo de facilitar a conciliación das familias galegas con fillos e fillas ao seu cargo, entre outros apoios. Ademais, a organización de campamentos en períodos non lectivos foi outra medida clave para favorecer a conciliación.

1.3 Impulsar e incentivar a posta en marcha de servizos actividades culturais, educativas, deportivas e de ocio e tempo libre para nenos e nenas fora do horario escolar e en períodos vacacionais, realizando unha difusión coordinada de todos os recursos existentes.

Nos últimos anos, reafirmouse o convenio de colaboración coa ANPA "A Lumbre", destinando fondos municipais para a realización de actividades fóra do horario escolar. Así mesmo, durante o período de vixencia do plan, fomentáronse diversas actividades e escolas deportivas en colaboración coa Deputación Provincial, o C.F. Arbo e a ANPA, con opcións como patinaxe, fútbol e baloncesto. Nos campamentos organizados fóra dos períodos lectivos tamén se incluíron actividades deportivas e de lecer, nas que participaron nenas e nenos do concello.

1.4 Apoiar a conciliación das mulleres desempregadas en busca activa de emprego e/ou que participen en accións formativas.

Apoiouse a busca activa de emprego para mulleres desempregadas, facilitando a súa participación en contratos temporais subvencionados pola Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia. Estes criterios valorativos reflectíronse nas bases de contratación dos programas e subvencións.

1.5 Promover servizos complementarios de conciliación, durante a realización de actividades e xornadas promovidas polo concello.

Estableceuse o compromiso de que, nas futuras actividades realizadas nos centros educativos en horario de tarde, as persoas participantes poidan levar aos seus fillos e fillas, que serían atendidos por profesorado ata as 18:00 horas. Esta medida facilitaría unha maior participación nas actividades e contribuíría a unha mellor conciliación familiar.

OBXECTIVO 2: Sensibilizar ao conxunto da poboación de Arbo sobre a necesaria corresponsabilidade de mulleres e homes, especialmente no desempeño do traballo doméstico e do coidado de persoas en situación de dependencia.

2.3 Ofrecer campañas de sensibilización sobre a importancia do reparto dos tempos e a necesidade de autocoidado e respecto do espazo persoal.

Nos campamentos de verán realizáronse ginkanas baixo o lema "Construíndo Igualdade", nas que se traballou a corresponsabilidade coa rapazada participante.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

Nesta área, que abarca dous obxectivos fundamentais, pódense observar avances importantes, aínda que tamén hai espazo para melloras significativas.

No primeiro obxectivo, relacionado coa creación e mellora dos servizos de conciliación, hai que destacar o esforzo realizado polo Concello de Arbo para poñer en marcha iniciativas que faciliten o acceso a servizos que favorecen a conciliación da vida laboral e familiar. A través da ampliación e mellora de servizos como os campamentos de verán e as actividades extraescolares, estase proporcionando un

apoio esencial ás familias, especialmente nas épocas de vacacións escolares. Tamén, coa colaboración coas ANPAs e a predisposición a facer uso dos espazos do centro educativo durante a realización de actividades orientadas ás familias, o que facilitará a participación en igualdade. Non obstante, cómpre seguir traballando para que estes recursos se adapten mellor ás necesidades diversas da poboación, garantindo maior flexibilidade de horarios e ampliando a dispoñibilidade de servizos durante todo o ano, non só en períodos concretos. Se ben as medidas que atenden ás necesidades de conciliación con respecto ao coidado da rapazada están máis instauradas, cómpre seguir reforzando esta área en relación aos coidados de persoas dependentes.

No segundo obxectivo, enfocado á sensibilización da sociedade sobre a corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado de persoas dependentes, obsérvase que aínda se precisa un esforzo maior para acadar cambios profundos nas actitudes e comportamentos sociais. Realizáronse actividades nos centros educativos nos que se traballou a importancia da corresponsabilidade, pero non se levaron a cabo accións dirixidas á poboación xeral. Tamén é preciso reforzar o desenvolvemento de programas e proxectos orientados ao respiro familiar de persoas coidadoras e a favorecer a súa participación nos servizos de proximidade, a través de mecanismos de acción positiva nos que se teñan en conta as cargas familiares e responsabilidades de coidado.

En resumo, a execución das medidas nesta área está en marcha, con logros que apuntan na dirección correcta, pero que aínda precisan reforzarse para que se acaden os obxectivos de forma plena. É clave seguir apostando por políticas públicas e accións que garantan un acceso equitativo aos servizos de conciliación e promover unha maior corresponsabilidade de xénero, que permita avanzar cara unha igualdade real na xestión dos traballos e dos tempos en Arbo.

ÁREA DE ACTUACIÓN IV: IGUALDADE NO EMPREGO

Esta área tiña por obxectivo fomentar a igualdade laboral, a través do establecemento de accións formativas que faciliten a inserción laboral, especialmente dirixidas á poboación feminina. Estas accións buscan garantir a incorporación das mulleres ao mercado laboral baixo os parámetros da igualdade de oportunidades, tanto no acceso como nas condicións laborais. Ademais, promóvese o autoemprego feminino, incentivando a creación de proxectos emprendedores liderados por mulleres, e a inserción laboral en condicións igualitarias, asegurando que as mulleres teñan as mesmas oportunidades que os homes en termos de salario, promoción profesional e estabilidade laboral.

Na seguinte táboa recóllense os obxectivos e medidas formuladas para a Área IV: Igualdade no emprego no II Plan de Igualdade.

ÁREA IV: IGUALDADE NO EMPREGO

OBXECTIVO 1: Fomentar a igualdade laboral, a través do establecemento de acción formativas que posibiliten a inserción laboral, especialmente da poboación feminina, baixo os parámetros da igualdade de oportunidades.

1.1 Establecer mecanismos de información sobre a oferta formativa existente no territorio e arredores.

1.2 Adecuar os cursos de formación realizados dende o eido municipal ás necesidades de contratación das empresas da zona e ás expectativas das persoas destinatarias.

1.3 Seguir a promover programas específicos de apoio á obtención de competencias clave.

1.4 Continuar a realizar cursos e accións formativas destinados a mellorar a empregabilidade (novas tecnoloxías, habilidades sociais, busca de emprego, etc.).

1.5 Fomentar o acceso da poboación feminina a cursos específicos, co fin de mellorar a a promoción laboral e evitar a segregación vertical.

1.6 Descentralizar as accións formativas, coa finalidade de chegar ao maior número de persoas destinatarias das accións.

1.7 Priorizar a incorporación de mulleres en situación de vulnerabilidade na participación de accións formativas para o emprego.

OBXECTIVO 2: Promover o autoemprego e a promoción para o emprego baixo a mirada da perspectiva de xénero, propiciando a inserción sociolaboral en condicións óptimas e igualitarias

2.1 Realizar campañas de asesoramento e sensibilización dirixidas ao fomento do emprendemento feminino.


2.2 Difundir información sobre as axudas existentes para a creación de empresas.

2.3 Desenvolver campañas de difusión sobre os dereitos recollidos no conxunto da lexislación laboral, así como a normativa comunitaria sobre a igualdade de trato de mulleres e homes en materia de acceso ao emprego, retribucións, condicións laborais e seguridade social.

2.4 Incorporar o módulo de formación para a igualdade dentro das accións formativas municipais.

2.5 Apoiar programas que desenvolvan itinerarios personalizados de inserción laboral enfocados a mellorar a empregabilidade e o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral.

O gráfico que se inclúe a continuación permite observar que esta área obtivo un alto grao de execución, xa que se levou a cabo o 75% das medidas; concretamente 9 dun total de 12.



MEDIDAS EXECUTADAS

Neste apartado, explícanse as medidas executadas na área de igualdade no emprego.

ÁREA IV: IGUALDADE NO EMPREGO

OBXECTIVO 1: Fomentar a igualdade laboral, a través do establecemento de acción formativas que posibiliten a inserción laboral, especialmente da poboación feminina, baixo os parámetros da igualdade de oportunidades.

1.1 Establecer mecanismos de información sobre a oferta formativa existente no territorio e arredores.

A páxina web do Concello e as redes sociais (Instagram e Facebook) está sendo unha ferramenta importante para visibilizar numerosos recursos relacionados con formación específica, actividades informativas, culturais etc.

1.2 Adecuar os cursos de formación realizados dende o eido municipal ás necesidades de contratación das empresas da zona e ás expectativas das persoas destinatarias.

Nos últimos anos, o Concello de Arbo organizou cursos específicos que respondían ás necesidades de contratación das empresas da contorna, como o Curso de Monitorado de Tempo Libre ou o Curso de Primeiros Auxilios, entre outros. Ademais, no ano 2019, desenvolveuse o programa "Paradanta Inserta", cuxo obxectivo principal foi favorecer a inserción laboral das persoas desempregadas participante

1.3 Seguir a promover programas específicos de apoio á obtención de competencias clave.

Aínda que desde o Concello non se levaron a cabo programas específicos para o apoio na obtención de competencias clave, como se fixera en ocasións anteriores, difundíuse información relevante e recursos útiles para facilitar a súa obtención.

1.4 Continuar a realizar cursos e accións formativas destinados a mellorar a empregabilidade (novas tecnoloxías, habilidades sociais, busca de emprego, etc.).

O Concello organizou cursos de orientación laboral, alfabetización dixital e monitorado de tempo libre, entre outros. Ademais, colaborou na difusión de formacións realizadas por outras entidades, como cursos sobre plantas medicinais, manipulador/a de produtos sociosanitarios, tapicería e reparación de mobles, cociña, turismo, entre outros.

1.6 Descentralizar as accións formativas, coa finalidade de chegar ao maior número de persoas destinatarias das accións.

Desenvolveuse o programa "Paradanta-Inserta", no que participou o Concello de Arbo, co obxectivo de promover a inserción laboral das persoas participantes. O programa incluíu sesións de orientación e asesoramento, actividades personalizadas segundo o perfil de cada participante, coaching, técnicas para a busca de emprego, elaboración de currículos, talleres de entrevistas, entre outras accións.

OBXECTIVO 2: Promover o autoemprego e a promoción para o emprego baixo a mirada da perspectiva de xénero, propiciando a inserción sociolaboral en condicións óptimas e igualitarias

2.1 Realizar campañas de asesoramento e sensibilización dirixidas ao fomento do emprendemento feminino.

Durante os anos de execución do plan, promocionáronse diferentes campañas para emprender como "O teu rural ten futuro" que inclúe formación para o emprego, idiomas, novas tecnoloxías e habilidades para a busca do emprego.

Tamén se da difusión e asesoramento sobre as axudas EMEGA da Xunta de Galicia para a promoción do emprendemento feminino.

2.2 Difundir información sobre as axudas existentes para a creación de empresas.

No perfil de facebook do Concello dáselle publicidade a todo tipo de axudas que poidan ser de interese para fomentar a creación de empresas e o emprendemento. Por exemplo, difundíuse o programa EMEGA, o proxecto “O rural ten futuro” etc.

2.3 Desenvolver campañas de difusión sobre os dereitos recollidos no conxunto da lexislación laboral, así como a normativa comunitaria sobre a igualdade de trato de mulleres e homes en materia de acceso ao emprego, retribucións, condicións laborais e seguridade social.

Na páxina de Facebook difundíronse diversas informacións sobre programas para promover a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial, co obxectivo de chegar ao tecido empresarial da contorna.

2.5 Apoiar programas que desenvolvan itinerarios personalizados de inserción laboral enfocados a mellorar a empregabilidade e o acceso e permanencia das mulleres no mercado laboral.

Esta medida considérase parcialmente executada. Desde os servizos do concello non se realizan itinerarios personalizados pero sempre se derivan ao INEM e ao Servizo Galego de Emprego. Tamén se deriva á orientadora laboral da comarca que está situada no Concello da Cañiza.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

Nesta análise, é importante destacar que os dous obxectivos operativos tiveron un alto grao de execución, a pesar de que é necesario seguir reforzando ambas áreas. Promover a igualdade laboral é crucial para combater as desigualdades de xénero que persisten no mercado de traballo. As mulleres, en especial aquelas que proveñen de contextos vulnerables ou que asumen responsabilidades familiares, enfróntanse a maiores dificultades para acceder ao emprego.

A través de accións formativas específicas e do impulso do autoemprego, non só se facilita o acceso ao mercado laboral, senón que tamén se fomenta a autonomía económica das mulleres, reducindo a súa dependencia financeira e, en moitos casos, a súa vulnerabilidade ante a violencia de xénero.

Desde o Concello de Arbo, establecéronse colaboracións con diversos organismos e entidades que ofrecen cursos de formación adaptados ás necesidades das mulleres, e fomentouse a derivación aos servizos especializados para o acompañamento na busca do emprego. Ademais, difundíuse a oferta formativa na contorna. As derivacións son fundamentais pero tamén é preciso que desde os servizos do concello, se realice un acompañamento e asesoramento específico para aquelas mulleres que se atopan en situación de desemprego, co obxectivo de deseñar un itinerario personalizado que se adapte ás súas necesidades.

É igualmente importante non só informar sobre as axudas ao emprendemento feminino, senón que tamén se debería realizar un asesoramento máis específico neste ámbito, para promover iniciativas de autoemprego que respondan ás necesidades e oportunidades locais. A base está asentada, pero para os próximos anos é preciso seguir traballando nesta área específica co obxectivo de enriquecer a oferta de recursos e formación.

Considerando as características do concello, tamén sería beneficioso establecer colaboracións con localidades próximas para desenvolver proxectos máis ambiciosos que resulten en melloras significativas na situación das mulleres. Así, poderase avanzar cara a un entorno laboral máis xusto e equitativo, contribuíndo ao progreso social e económico da comunidade.

ÁREA DE ACTUACIÓN V: IGUALDADE NA PARTICIPACIÓN E NO LIDERADO

Esta cuarta área estratéxica foi deseñada para acadar obxectivos fundamentais como potenciar o empoderamento individual e colectivo das mulleres e fortalecer o movemento asociativo, así como a súa participación activa e liderado nas diferentes estruturas sociais. O empoderamento é esencial para garantir que as mulleres teñan voz e representación en todos os ámbitos, contribuíndo á creación de sociedades máis xustas e equitativas.

Nesta táboa, recóllense os obxectivos e medidas específicas deseñadas para a área V: Igualdade na participación e no liderado.

ÁREA V IGUALDADE NA PARTICIPACIÓN E NO LIDERADO

OBXECTIVO 1: Potenciar o empoderamento individual e colectivo das mulleres, atendendo a súa diversidade.

1.1 Desenvolver programas e actividades para promover a autonomía persoal e o aprendizaxe de habilidades e actitudes sobre liderado, empoderamento, autoafirmación, asertividade, traballo en equipo, etc. entre a poboación feminina do Concello de Arbo.

1.2 Apoiar ás organizacións, redes e grupos de mulleres con diversidade funcional para avanzar no seu empoderamento individual e colectivo.

1.3 Ofertar servizos de atención e acompañamento a mulleres en situación de vulnerabilidade no ámbito local, establecendo redes de apoio.

1.4 Seguir a conmemorar o Día Internacional da Muller (8 de Marzo) a través de actos e xornadas que axuden visibilizar esta Data.

OBXECTIVO 2: Fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral

2.1 Elaborar materiais que orienten sobre a creación e xestión asociativa, dirixidos a grupos de mulleres que queiran constituír unha asociación.


2.2. Apoiar a organización e xestión das redes de mulleres, potenciando encontros entre asociacións, tanto a nivel local como comarcal.

2.3 Impulsar a colaboración activa das mulleres nos procesos de xestión e toma de decisións no movemento asociativo, especialmente das mulleres mozas e no ámbito rural

2.4 Reforzar o movemento asociativo feminino mediante o estímulo da súa participación en órganos de consulta e participación cidadá.

O grao de execución desta área é notable, cun 87,5% das accións propostas completadas. Non obstante, é importante sinalar que algúns dos obxectivos foron só parcialmente executados, iniciados ou nos que se realizaron avances menores. Aínda que este é un bo comezo, existe a necesidade de continuar traballando en áreas específicas para asegurar a completa implementación das medidas.

Na gráfica que se presenta a continuación, pódese observar o grao de realización das accións: en total, leváronse a cabo 7 das 8 medidas propostas, en maior ou menor medida.



MEDIDAS EXECUTADAS

Neste apartado, explícanse as medidas executadas na área V de Igualdade na participación e no liderado.

ÁREA V IGUALDADE NA PARTICIPACIÓN E NO LIDERADO

OBXECTIVO 1: Potenciar o empoderamento individual e colectivo das mulleres, atendendo a súa diversidade.

1.1 Desenvolver programas e actividades para promover a autonomía persoal e o aprendizaxe de habilidades e actitudes sobre liderado, empoderamento, autoafirmación, asertividade, traballo en equipo, etc. entre a poboación feminina do Concello de Arbo.

Non se realizou un programa especificamente deseñado para mulleres pero si foron moitas as que participaron noutros proxectos como o Paradanta-Inserta, por exemplo, no que se traballaron diversas habilidades e cualidades para o liderado, a busca de emprego etc.

1.2 Apoiar ás organizacións, redes e grupos de mulleres con diversidade funcional para avanzar no seu empoderamento individual e colectivo.

O Concello de Arbo colaborou coa Asociación Aveláña Saúde Mental, que ofreceu un servizo de asesoramento e atención psicolóxica, atención individualizadas e prevención da exclusión social das persoas con enfermidade mental ás persoas de Arbo que o precisasen.

1.3 Ofertar servizos de atención e acompañamento a mulleres en situación de vulnerabilidade no ámbito local, establecendo redes de apoio.

Coa sinatura do convenio de colaboración coa asociación Aveláña saúde mental (2019-2020) asegurouse a atención ás mulleres con enfermidade mental da contorna. Ademais, en colaboración coa Asociación Érguete formouse un grupo de mulleres que se reúnen co obxectivo de aprender arredor do autocoidado e a xestión do estrés.

1.4 Seguir a conmemorar o Día Internacional da Muller (8 de Marzo) a través de actos e xornadas que axuden visibilizar esta Data.

O Día Internacional da Muller (8 de marzo) foi conmemorado durante todos os anos de vixencia do plan. Realizáronse declaracións institucionais e publicacións nas redes sociais do Concello. Leváronse a cabo numerosos e diversos actos conmemorativos como “Pioneiras nas redes sociais- as lavandeiras!”, que visibilizan a dobre ou tripla xornada das mulleres. Noutros anos tamén se visibilizou á muller no mundo da pesca e da lamprea etc.

OBXECTIVO 2: Fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral

2.2. Apoiar a organización e xestión das redes de mulleres, potenciando encontros entre asociacións, tanto a nivel local como comarcal.

O Concello de Arbo colabora coas asociacións nas súas accións e actividades e tamén fomenta redes de encontro entre o tecido asociativo. Na programación da conmemoración do 25N organizáronse actividades en colaboración coa Asociación “3 de xullo” na que participaron case todas as asociacións culturais e deportivas de Arbo: Asociación Cultural Barca de Loimil, Asociación Cultural a Vella Barca, Asociación Evaristo de Sela, ANPAs, Asociación Cultural “Arborock”, Arbo Club de Fútbol, un grupo de mulleres con discapacidade das Esclavas de la Virgen Dolorosa, etc.

2.3 Impulsar a colaboración activa das mulleres nos procesos de xestión e toma de decisións no movemento asociativo, especialmente das mulleres mozas e no ámbito rural

Desde o Concello de Arbo difundíronse axudas orientadas ás asociacións de mulleres rurais e tamén mostraron o seu apoio e colaboración na creación dunha nova asociación, Asociación 3 de xullo, unha entidade que presta apoio á vítimas de violencia de xénero.

2.4 Reforzar o movemento asociativo feminino mediante o estímulo da súa participación en órganos de consulta e participación cidadá.

O Concello de Arbo apoia ao movemento asociativo de diversas formas. Asignáronse partidas específicas para a Asociación de Mulleres Rurais Arbenses para apoiar a entidade na súa actividade. Tamén se promoveu a creación da Asociación 3 de xullo e se difundiron polas canles de comunicación municipal as programacións de actividades das diferentes asociacións.

A implicación nos órganos de consulta e participación cidadá aínda non está plenamente consolidada.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS:

A pesar dos avances realizados, é fundamental continuar incidindo no empoderamento das mulleres a través da elaboración de programas específicos que promovan a súa autonomía persoal e liderado. Neste sentido, é necesario desenvolver actividades que aborden as necesidades particulares das mulleres con diversidade funcional, así como fomentar a creación de redes de apoio entre elas. Realizáronse colaboracións con outros concellos para participar en acción que fomentan o autocoidado e a inserción laboral pero é preciso seguir a deseñar novas medidas que dean resposta ás necesidades específicas deste colectivo.

A conmemoración do 8 de marzo (8M) está plenamente instaurada na nosa comunidade, evidenciada por un gran número de actividades relevantes que mobilizan a sociedade e visibilizan a loita das mulleres. Este compromiso colectivo é un paso positivo, pero debe ir acompañado de iniciativas que fortalezan o empoderamento en todos os eidos.

No tocante ao segundo obxectivo, fortalecer o movemento asociativo feminino e a participación das mulleres nas estruturas asociativas, vemos que aínda que se están dando pasos na promoción do movemento asociativo feminino, notamos a ausencia de materiais específicos que orienten na creación e a xestión de asociación de mulleres. Este recurso é esencial para garantir que as mulleres teñan voz e representación en todas as áreas. O tecido asociativo da nosa contorna é un activo valioso que debe ser evidenciado. É crucial seguir fomentando a toma de decisións en mans de mulleres dentro das asociación e a súa participación nos órganos de consulta. Para iso, é necesario escoitar as achegas das diversas asociacións da contorna, promovendo así un ambiente colaborativo e de participación cidadá que permita superar os obstáculos que dificultan alcanzar a igualdade real e efectiva.

ÁREA DE ACTUACIÓN VI: IGUALDADE NA CALIDADE DE VIDA E BENESTAR

Esta área, integrada por un total de 17 medidas, inclúe dous obxectivos relacionados coa calidade de vida como desenvolver políticas de saúde con perspectiva de xénero que atendan á diversidade das mulleres en todo o seu ciclo vital, promover hábitos de vida saudables e promover a igualdade entre mulleres e homes na práctica deportiva.

A continuación, no cadro, recóllense as 17 medidas formuladas no II Plan de Igualdade.

ÁREA VI IGUALDADE NA CALIDADE DE VIDA E BENESTAR

OBXECTIVO 1: Desenvolver políticas de saúde con perspectiva de xénero que atendan á diversidade das mulleres e as especificidades de todo o seu ciclo vital

1.1 Organizar sesións formativas e informativas sobre temas relacionados coa saúde feminina (chan pélvico, endometriose, fibromialxia, depresión, ansiedade, etc.), centrando o foco de atención na prevención de ditas patoloxías.

1.2 Elaborar programas de información, educación e atención afectivo-sexual, dende unha perspectiva de xénero, dirixido ás diferentes idades e grupos poboacionais.

1.3 Desenvolver programas e actividades para promover o autocoidado das mulleres e o seu benestar integral.

1.4 Ampliar a programación de actividades que redunden no fortalecemento das relacións interpersoais (saídas, encontros, etc.)

OBXECTIVO 2: Promover hábitos de vida saudables que redunden na mellora da calidade de vida.

2.1 Reforzar programas sobre formación e asesoramento de hábitos de vida saudables (alimentación, hixiene, actividades física, descanso óptimo, etc.).

2.2 Establecer programas específicos destinados á terceira idade, que promovan o desenvolvemento físico e cognitivo e repercutan, polo tanto, na mellora da autonomía e calidade de vida.

2.3 Desenvolver programas específicos para mulleres con diversidade funcional, que recollan as especificidades da súa situación persoal.

2.4 Crear grupos de apoio psicosocial e outras actividades afíns dirixidas a mulleres coidadoras de persoas en situación de dependencia.

OBXECTIVO 3: Promover a igualdade entre mulleres e homes na práctica deportiva.

3.1 Programar actividades deportivas para todas as idades, tendo en conta o uso dos tempos e a conciliación.

3.2 Establecer campañas de sensibilización e formación do persoal deportivo, coa finalidade de que incorporen a perspectiva de xénero na práctica profesional.

3.3 Fixar criterios obxectivos, con perspectiva de xénero, na planificación e asignación de recursos ás diferentes actividades deportivas ofertadas a nivel municipal

3.4 Sensibilizar ás familias, aos centros educativos e á comunidade en xeral sobre a necesidade de non estereotipar a elección da práctica deportiva na infancia.

OBXECTIVO 4: Reforzar o principio de igualdade no ámbito da cultura e na produción artística e cultural

4.1 Dotar á biblioteca pública dun fondo bibliográfico en materia de xénero e igualdade de oportunidades, así como guías de lectura inclusivas e outros documentos con perspectiva de xénero.


4.2 Rescatar da memoria histórica o papel de mulleres relevantes en diferentes ámbitos do coñecemento (literatura, cine, historia, etc.)

4.3 Promover a incursión da muller no mundo cultural, difundindo as súas obras artísticas en calquera modalidade, a través da convocatoria de concursos e premios.

4.4 Velar pola inclusión de criterios igualitarios nas accións culturais municipais.

4.5 Diversificar a oferta cultural nas diferentes núcleos poboacionais, sobre todo no medio rural, co fin de facilitar o acceso das persoas destinatarias.

Nesta área realizáronse 14 das 17 medidas formuladas tal e como se describe na gráfica que se presenta a continuación.



MEDIDAS EXECUTADAS

A continuación, expóñense as medidas executadas na área VI do II Plan de Igualdade, Igualdade na calidade de vida e benestar.

ÁREA VI IGUALDADE NA CALIDADE DE VIDA E BENESTAR

OBXECTIVO 1: Desenvolver políticas de saúde con perspectiva de xénero que atendan á diversidade das mulleres e as especificidades de todo o seu ciclo vital

1.1 Organizar sesións formativas e informativas sobre temas relacionados coa saúde feminina (chan pélvico, endometriose, fibromialxia, depresión, ansiedade, etc.), centrando o foco de atención na prevención de ditas patoloxías.

Durante o período de execución do plan, realizáronse varias actividades sobre temas relacionados coa saúde feminina como a prevención do cancro de mama, charlas sobre autocoidado de mulleres maiores, coloquio sobre saúde mental e muller etc. Algunhas das actividades realizáronse dentro dos programas da Unidade de Prevención de drogodependencias e outras condutas aditivas dos Concellos da Cañiza, Arbo, Crecente e Melón.

1.2 Elaborar programas de información, educación e atención afectivo-sexual, dende unha perspectiva de xénero, dirixido ás diferentes idades e grupos poboacionais.

Durante os anos de execución do plan realizáronse varias edición dos obradoiros de “Educación afectivo-sexual” para 5º e 6º de Educación Primaria, unha temática moi demandada polo profesorado e o equipo técnico de orientación escolar. Tamén se realizaron para estes mesmos cursos, o obradoiro “Crecer en Igualdade:sobre a educación afectivo-sexual”.

1.3 Desenvolver programas e actividades para promover o autocoidado das mulleres e o seu benestar integral.

Tal e como se expuxo na medida 1.1, realizáronse diversas accións orientadas a mellorar a saúde das mulleres (detalladas nese apartado). Ademais, leváronse a cabo outras actividades formativas, como obradoiros sobre o alzhéimer, autodefensa persoal para mulleres, unha charla informativa sobre o dano cerebral adquirido, así como sesións sobre o envellecemento activo das mulleres maiores no ámbito rural.

En 2023, creouse un grupo de mulleres para traballar o autocoidado, a xestión do estrés e a loita contra as adiccións, grazas a un convenio entre os concellos de Arbo, A Cañiza, Melón e Crecente. A maioría das participantes eran mulleres de Arbo, e as sesións desenvolvéronse dentro deste concello.

1.4 Ampliar a programación de actividades que redunden no fortalecemento das relacións interpersoais (saídas, encontros,etc.)

Ao longo destes anos, realizáronse actividades destinadas a fomentar as relacións interpersoais entre a veciñanza, como a celebración de vodas de ouro, roteiros pola contorna, carreiras, e un amplo abano de actividades culturais que ofreceron oportunidades de encontro e intercambio entre as persoas.

OBXECTIVO 2: Promover hábitos de vida saudables que redunden na mellora da calidade de vida.

2.1 Reforzar programas sobre formación e asesoramento de hábitos de vida saudables (alimentación, hixiene, actividades física, descanso óptimo, etc.).

Nos centros educativos realizáronse programas de almozos saudables. Na Casa do Maior de Sela, lévanse a cabo actividades orientadas a poboación maior de 60 anos para potenciar hábitos saudables, favorecer a memoria, a psicomotricidade etc.

2.2 Establecer programas específicos destinados á terceira idade, que promovan o desenvolvemento físico e cognitivo e repercutan, polo tanto, na mellora da autonomía e calidade de vida.

A Casa do Maior de Sela ofrece numerosas actividades para persoas maiores de sesenta anos e que repercuten na mellora da súa autonomía e da calidade de vida. Ofrécense obradoiros de memoria e de alfabetización dixital, entre outros. Ademais, o Concello ofrece un servizo de asistencia para facer a declaración da renda e difunde a presenza de recursos especializados para persoas maiores coo é o “coidados porta a porta” da Xunta de Galicia.

2.3 Desenvolver programas específicos para mulleres con diversidade funcional, que recollan as especificidades da súa situación persoal.

Non se realizaron programas específicos para as mulleres con diversidade funcional desde o Concello pero si se contou co programa Aveláña, que ofreceu un servizo de asesoramento e atención psicolóxica para persoas con enfermidade mental.

OBXECTIVO 3: Promover a igualdade entre mulleres e homes na práctica deportiva.

3.1 Programar actividades deportivas para todas as idades, tendo en conta o uso dos tempos e a conciliación.

Existe unha oferta deportiva para todo tipo de idades (baloncesto, patinaxe, ciclismo, taekowdo, piscina etc). Tamén se realizaron dúas edicións da “carreira pola igualdade” na que participaron persoas de todas as idades. Ofertáronse cursos de defensa persoal.

3.2 Establecer campañas de sensibilización e formación do persoal deportivo, coa finalidade de que incorporen a perspectiva de xénero na práctica profesional.

Na realización dos campamentos inclúense actividades que tratan tanto de maneira transversal como específica as temáticas relacionadas coa igualdade de xénero (estereotipos, corresponsabilidade, respecto, diversidade etc). Se ben é certo que se realizan estas accións, un gran paso, é preciso sensibilizar ao persoal deportivo e monitorado.

OBXECTIVO 4: Reforzar o principio de igualdade no ámbito da cultura e na produción artística e cultural

4.1 Dotar á biblioteca pública dun fondo bibliográfico en materia de xénero e igualdade de oportunidades, así como guías de lectura inclusivas e outros documentos con perspectiva de xénero.

A biblioteca pública conta con material específico sobre igualdade e presenta unha rica colección de libros con autoría feminina

4.2 Rescatar da memoria histórica o papel de mulleres relevantes en diferentes ámbitos do coñecemento (literatura, cine, historia, etc.)

Co gallo da conmemoración do 8 de marzo, Día da Muller, visibilizouse a mulleres de Arbo vencelladas a diferentes ámbitos como o da lamprea, os lavadoiros, a pesca, a viticultura etc. Realizáronse eventos de visibilización con entrevistas e a entrega dunha placa conmemorativo ás familias das mulleres destacadas. Tamén se presentou a exposición fotográfica “Invisibles” de EVD Galicia na que se visibiliza o rostro de 36 mulleres que reflicten as súas loitas por se muller e ter discapacidade.

4.3 Promover a incursión da muller no mundo cultural, difundindo as súas obras artísticas en calquera modalidade, a través da convocatoria de concursos e premios.

O Concello de Arbo difunde obras artísticas con autoría feminina en diversas modalidades, música, obras teatrais, contacontos etc.

4.4 Velar pola inclusión de criterios igualitarios nas accións culturais municipais.

Considérase que a programación cultural é igualitaria, cunha representación equilibrada de obras, concertos e pezas liderados tanto por mulleres como por homes. Ademais, prográmanse actividades con contido específico sobre valores de igualdade: contacontos,

4.5 Diversificar a oferta cultural nas diferentes núcleos poboacionais, sobre todo no medio rural, co fin de facilitar o acceso das persoas destinatarias.

No Concello ofértanse diversas actividades culturais que invitan a toda a poboación, independentemente de onde vivan, pero tamén as fan partícipes, por exemplo, con roteiros polas contornas. Desde as redes do Concello infórmase tamén das liñas de axudas e actividades específicas para Asociacións como o programa Conectadas da Deputación de Pontevedra.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

Os obxectivos deseñados para esta área de intervención presentaron unha alta execución pero desigual. No primeiro obxectivo, relacionado co desenvolvemento de políticas de saúde con perspectiva de xénero, destacan as numerosas actividades levadas a cabo que abordan temáticas de saúde, dirixidas á poboación en xeral e, de maneira específica, ás mulleres da contorna.

Con respecto ao segundo obxectivo, que busca promover hábitos de vida saudables para mellorar a calidade de vida, resaltamos algúns pasos significativos, especialmente nos centros educativos. Por exemplo, implementáronse iniciativas que fomentan almozos saudables e actividades orientadas á terceira idade, como programas de memoria e alfabetización dixital, que contribúen á autonomía e ao

benestar dos maiores. O Concello de Arbo tamén ofrece servizos externos como os “coidados porta a porta” ou o “xantar na casa” e facilita a realización de diversos trámites á poboación maior, incluíndo asistencia para a declaración da renda.

Non obstante, dentro deste obxectivo, obsérvanse carencias en relación á atención integral das persoas con diversidade funcional e das persoas coidadoras. Aínda que se realizaron algúns cursos sobre estas temáticas, é preciso seguir ofertando recursos específicos que aborden as súas necesidades.

O terceiro obxectivo, que se centra na promoción da igualdade entre mulleres e homes na práctica deportiva, é un dos menos desenvolvidos. Aínda que se realizaron diversas actividades deportivas e se incluíron iniciativas que fomentan a igualdade nas actividades deportivas e culturais do concello, como os campamentos de conciliación, persiste a carencia de formación específica para o persoal deportivo. Ademais, é fundamental integrar a perspectiva de xénero nos procesos de contratación para asegurar que as actividades deportivas promovidas no concello inclúan esta visión.

A promoción da igualdade na práctica deportiva é esencial para romper estereotipos de xénero e incentivar a participación activa das mulleres en todos os ámbitos. É necesario sensibilizar ás familias, aos centros educativos e á comunidade en xeral sobre a importancia de non estereotipar a elección das prácticas deportivas na infancia, un aspecto que aínda está por consolidar.

Finalmente, o cuarto obxectivo, que busca reforzar o principio de igualdade no ámbito da cultura e na produción artística e cultural, considérase totalmente executado. A biblioteca pública conta con material específico sobre igualdade e presenta unha colección de libros con autoría feminina. Ademais, a programación cultural do Concello de Arbo visibiliza o traballo das mulleres, ofrecendo obras, concertos e pezas creadas por mulleres, así como outras que tratan temáticas de igualdade de xénero e diversidade. Esta programación é un paso importante para garantir que a voz e a creatividade das mulleres sexan recoñecidas e valoradas na nosa comunidade e debería continuarse.

ÁREA VII: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Esta área céntrase en dúas metas fundamentais, reforzar a sensibilización e concienciación social sobre a violencia de xénero e reforzar a formación dos e das profesionais implicados, directa ou indirectamente na prevención e o tratamento da violencia de xénero. A continuación preséntanse as 8 medidas que inclúe esta área:

ÁREA VII SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO 1: Reforzar a sensibilización e a concienciación social sobre a violencia de xénero en todas as súas formas e manifestacións.

1.1 Incrementar as campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero dirixidas aos centros educativos.

1.2 Ampliar as actividades e xornadas de información, sensibilización e conmemoración do 25 de novembro, ampliándoas, na medida do posible, ao longo do ano.

1.3 Promover accións formativas e sensibilización dirixidas a menores/adolescentes que fomenten o uso responsable das novas tecnoloxías e redes sociais e preveñan a súa utilización como ferramenta de acoso ou promoción de condutas violentas.

1.4 Poñer en marcha accións de sensibilización e concienciación contra a violencia machista dirixidas á cidadanía en xeral.

1.5 Establecer mecanismos e ferramentas precisas para traballa en torno á prevención da violencia entre a poboación xuvenil.


OBXECTIVO 2: Reforzar a formación dos e das profesionais implicados, directa ou indirectamente, na prevención e tratamento da violencia de xénero.

2.1 Continuar co establecemento da Mesa Local de coordinación contra a Violencia de xénero e outras ferramentas afíns, que redunden no abordaxe integral da violencia machista.

2.2 Desenvolver accións formativas e de actualización de coñecementos en materia de violencia contra as mulleres dirixido ao persoal de servizos sociais.

2.3 Sensibilizar e colaborar na formación dos e das profesionais dos medios de comunicación ou que elaboran difusión municipais (prensa, redes sociais, etc.) sobre como dar un tratamento axeitado aos casos de violencia machista e difundir valores igualitarios entre mulleres e homes.

A área de sensibilización e prevención da violencia de xénero estivo totalmente executada, xa que o 100% das medidas, 8, considéranse realizadas. Non todas as medidas están no mesmo grao de execución (hai algunhas iniciadas, outras realizadas parcialmente e outras totalmente executadas).



MEDIDAS EXECUTADAS

ÁREA VII SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO 1: Reforzar a sensibilización e a concienciación social sobre a violencia de xénero en todas as súas formas e manifestacións.

1.1 Incrementar as campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero dirixidas aos centros educativos.

Realizadas varias actividades e cursos nos centros educativos que versan sobre estas temáticas. Accións educativas para o fomento da igualdade e a prevención da violencia de xénero (todos os anos nos centros educativos). Actividade “Obradoiro sobre a importancia de previr a violencia de xénero e fomentar a igualdade entre mulleres e homes”.

1.2 Ampliar as actividades e xornadas de información, sensibilización e conmemoración do 25 de novembro, ampliándoas, na medida do posible, ao longo do ano.

Todos os anos conmemorouse o 25 de novembro, con lectura de manifesto, publicación en redes e coa programación de actividades específicas. Participouse na homenaxe a Beatriz e Sergio (veciños/as vítimas mortais da violencia machista), realizouse un acto simbólico coa colocación de margaridas pola vila, unha carreira contra a violencia, mesas informativas, etc.

1.3 Promover accións formativas e sensibilización dirixidas a menores/adolescentes que fomenten o uso responsable das novas tecnoloxías e

redes sociais e preveñan a súa utilización como ferramenta de acoso ou promoción de condutas violentas.

Para fomentar o uso responsable das novas tecnoloxías e redes sociais realizáronse varias charlas dirixidas á poboación xeral sobre “os riscos das novas tecnoloxías e das redes sociais nos menores”.

1.4 Poñer en marcha accións de sensibilización e concienciación contra a violencia machista dirixidas á cidadanía en xeral.

A sensibilización e concienciación contra a violencia machista á poboación xeral tivo diferentes realizouse a través de diferentes métodos; con charlas informativas e formativas sobre agresións sexuais, defensa persoal feminina etc. Tamén se colocaron mesas informativas o 25 de novembro e durante a celebración das Festas da Lamprea.

1.5 Establecer mecanismos e ferramentas precisas para traballar en torno á prevención da violencia entre a poboación xuvenil.

Nos centros educativos leváronse a cabo numerosas actividades ao longo destes anos para axudar a previr a violencia. Entre elas destacan cursos sobre o reforzo da personalidade, obradoiros de habilidades sociais, educación afectivo-sexual, educación emocional e outras actividades específicas dentro dos centros educativos.

OBXECTIVO 2: Reforzar a formación dos e das profesionais implicados, directa ou indirectamente, na prevención e tratamento da violencia de xénero.

2.1 Continuar co establecemento da Mesa Local de coordinación contra a Violencia de xénero e outras ferramentas afíns, que redunden no abordaxe integral da violencia machista.

Durante o período de execución do plan, realizáronse reunións anuais da Mesa Local de Coordinación contra a violencia de xénero. Nalgún dos anos realizáronse varias reunións. A periodicidade das reunións permitiu un mellor abordaxe integral da violencia machista no concello.

2.2 Desenvolver accións formativas e de actualización de coñecementos en materia de violencia contra as mulleres dirixido ao persoal de servizos sociais.

O persoal de servizo sociais realiza, pola súa conta, formación específica sobre igualdade axustada ao seu desempeño. Aínda que non existe unha obrigatoriedade nin recomendación formal por parte do concello, o persoal recibe de maneira continua ofertas de formación específica procedentes de diferentes organismos, como a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia ou a Escola Galega de Administración Pública.

2.3 Sensibilizar e colaborar na formación dos e das profesionais dos medios de comunicación ou que elaboran difusión municipais (prensa, redes sociais, etc.) sobre como dar un tratamento axeitado aos casos de violencia machista e difundir valores igualitarios entre mulleres e homes.

Os departamentos responsables están en coordinación co persoal responsable de difusión e publicidade para abordar os casos de violencia machista de maneira axeitada, tamén na publicación de actividades específicas nas que se abordan os valores igualitarios entre mulleres e homes.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

Os tres obxectivos formulados nesta área foron executados, pero presentaron diferentes graos de éxito.

O primeiro obxectivo, que busca reforzar a sensibilización e concienciación social sobre a violencia de xénero en todas as súas formas e manifestacións, inclúe diversas medidas que implican a toda a sociedade. Realizáronse numerosas accións nos centros educativos enfocadas na prevención da violencia de xénero, así como na nova problemática das violencias exercidas na esfera dixital. A conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, incluíu actividades que mobilizaban á comunidade. Aínda que se realizaran outras iniciativas fóra desta data, é fundamental continuar programando accións que se estendan ao longo do ano, en lugar de limitarse a momentos concretos. É necesario que estas actividades sexan atractivas e relevantes para a poboación xeral, fomentando así unha sensibilización e concienciación efectivas contra a violencia machista.

En canto ao segundo obxectivo, que consiste en reforzar a formación dos e das profesionais implicados na prevención da violencia de xénero, cómpre valorar positivamente o seguimento da Mesa Local de Coordinación. Esta ferramenta resulta indispensable para fomentar a cooperación entre axentes e garantir unha atención integral efectiva ás posibles vítimas. Non obstante, aínda queda un aspecto por mellorar: a formación do persoal implicado nos procesos de violencia de xénero, como os servizos sociais. Aínda que o persoal realiza cursos específicos sobre esta temática, non existe unha recomendación formal por parte do concello para que todos os profesionais participen nelas. A formación que se ofrece desde diferentes organismos é ampla, pero sería recomendable establecer obrigas para garantir que os cursos sobre esta problemática se realicen de maneira anual. Isto non só facilitaría a interiorización dos aspectos críticos, senón que tamén

aseguraría que a atención brindada sexa de alta calidade e acorde coas necesidades de cada muller vítima.

ÁREA VIII: INTERVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO


A área de intervención e tratamento da violencia de xénero contaba cun só obxectivo, desenvolver programas integrais contra a violencia de xénero que permitan xestionar de forma adecuada os procesos de intervención. Para este fin deseñáronse as catro medidas específicas que se describen a continuación:

ÁREA VIII INTERVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO 1: Desenvolver programas integrais de loita contra a violencia de xénero que permitan xestionar de forma adecuada os procesos de intervención.

- 1.1 Reforzar a coordinación e colaboracións entre organismos e entidades que prestan servizos específicos de atención ás vítimas de violencia de xénero.
- 1.2 Priorizar a transmisión de expedientes para facilitar o acceso a recursos de carácter social ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no ámbito competencial da administración local.
- 1.3 Informar sobre os recursos dispoñibles nos casos específicos de violencia machista, e establecer as derivacións precisas para o seu adecuado tratamento.
- 1.4 Priorizar o acceso a programas e outros recursos públicos para os fillos e as fillas menores vítimas de violencia machista, que se consideren oportunos para contribuír ao seu benestar integral.

Analizando as accións realizadas durante o período de vixencia do II Plan de Igualdade do Concello de Arbo, podemos concluír que se executaron o 100% das medidas, que son catro medidas.



MEDIDAS EXECUTADAS

Nesta táboa descríbense os obxectivos da área VIII: Intervención e tratamento da violencia de xénero e as medidas executadas.

ÁREA VIII INTERVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO 1: Desenvolver programas integrais de loita contra a violencia de xénero que permitan xestionar de forma adecuada os procesos de intervención.

1.1 Reforzar a coordinación e colaboracións entre organismos e entidades que prestan servizos específicos de atención ás vítimas de violencia de xénero.

Desde o Concello foméntase a difusión de recursos especializados na atención á vítimas de violencia, por exemplo o programa de asesoramento e terapia familiar de apoio con nenas e nenos que sufrirán de maneira directa ou indirecta violencia, entre outros.

1.2 Priorizar a transmisión de expedientes para facilitar o acceso a recursos de carácter social ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no ámbito competencial da administración local.

Os expedientes abertos para mulleres vítimas de violencia de xénero (solicitude do pago periódico ou único, derivación á servizos específicos etc.) teñen prioridade. Trabállase de maneira coordinada cos/as profesionais implicados/as no proceso (Centro de Saúde, Garda Civil etc.), sobre todo, a través das reunións periódicas da MLC.

1.3 Informar sobre os recursos dispoñibles nos casos específicos de violencia machista, e establecer as derivacións precisas para o seu adecuado tratamento.

A calquera persoa que o solicite, infórmase sobre os recursos dispoñibles nos casos específicos de violencia machista. Ademais, co obxectivo de achega resta información relevante á poboación xeral, colocáronse mesas informativas/ puntos violetas nas celebracións e festividades.

1.4 Priorizar o acceso a programas e outros recursos públicos para os fillos e as fillas menores vítimas de violencia machista, que se consideren oportunos para contribuír ao seu benestar integral.

A atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos membros da súa familia implicados, é totalmente prioritaria, co obxectivo de garantir unha intervención integral, rápida e efectiva.

CONCLUSIÓNS POR OBXECTIVOS

Durante este período de execución do II Plan de Igualdade, reforzouse de maneira significativa a coordinación e colaboración entre os organismos implicados na actuación ante a violencia de xénero, especialmente a través das Mesas Locais de Coordinación. Estas mesas actúan como un foro fundamental para compartir información, establecer prioridades de actuación e garantir unha intervención integral. Ademais, promoveuse a difusión de recursos especializados, como o programa de asesoramento e terapia familiar para nenos e nenas que sufriron violencia de xénero, o que demostra unha aposta clara por ofrecer unha atención especializada ás vítimas directas e indirectas da violencia.

No que respecta á atención directa ás mulleres vítimas de violencia de xénero, os expedientes abertos recibiron unha prioridade especial. Os casos traballáronse de forma coordinada, e a atención ás mulleres priorizouse en todas as fases de acceso aos recursos públicos de interese. Este enfoque é clave para asegurar que as mulleres teñan acceso rápido e eficiente aos servizos que poidan mellorar a súa situación e protexer a súa seguridade.

Por outra parte, realizouse unha campaña de difusión dos recursos dispoñibles, non só ás posibles vítimas, senón tamén ao conxunto da poboación, especialmente en eventos locais onde a afluencia de público é elevada, como as festas municipais. Este tipo de accións contribúen a sensibilizar á cidadanía e a dar a coñecer os recursos de maneira directa, favorecendo que calquera persoa poida acceder á información necesaria para actuar en casos de violencia machista. A difusión sobre esta problemática podería ampliarse a outros espazos e momentos

cotiás, promovendo a sensibilización e coñecemento dos recursos existentes a toda a poboación.

Os resultados observados son claramente positivos, reflectindo un fortalecemento nas melloras introducidas no ámbito da intervención e coordinación. Non obstante, é crucial manter e reforzar esta colaboración entre os diferentes axentes implicados, considerando sempre como prioritarios os casos de violencia de xénero. Aínda que se están realizando derivacións aos servizos pertinentes de maneira efectiva, resulta igualmente importante continuar co seguimento rigoroso dos casos para garantir que as vítimas reciben o apoio necesario a longo prazo.

Para mellorar aínda máis o acceso aos recursos, sería útil garantir a creación de prazas específicas para mulleres vítimas de violencia de xénero nos programas e servizos públicos locais. Deste xeito, permitiríase un acceso prioritario a iniciativas clave, como programas de formación, asesoramento e vivenda, garantindo unha maior protección e oportunidades de recuperación para estas mulleres.

En resumo, o traballo realizado ata agora é unha base sólida, pero é esencial seguir avanzando e adaptando os recursos e mecanismos de intervención para asegurar unha protección e atención efectivas e inclusivas a todas as vítimas da violencia de xénero do Concello de Arbo.

CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Ao longo do documento fóronse analizando as conclusións da avaliación por cada área de intervención, onde se explican de maneira máis detallada. A continuación, de maneira breve, expóñense as principais conclusións:

- Constátase un elevado nivel de execución global do II Plan de Igualdade do Concello de Arbo. Concretamente, acadouse un grao de execución dun 80,51%, o que supón que se levaron á práctica 62 das 77 medidas propostas. Todas as áreas superan o 50% de grao de execución.
- Ás áreas de Sensibilización e prevención da violencia de xénero e Intervención e tratamento das vítimas de violencia de xénero foron as que tiveron un maior grao de execución (un 100%).
- Un dos principais piares nos que se sustentou a acción municipal é a área de igualdade na educación e nos valores e destaca como unha das máis desenvolvida.
- Evidénciase a necesidade de seguir incorporando de maneira transversal a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da actuación municipal, xa que esta é a área con menor grao de execución (55,55%).
- Existe un grao non uniforme de interiorización da perspectiva de xénero na práctica profesional, na recollida de datos e na comunicación. Aínda son

moitas as comunicacións que non utilizan unha linguaxe igualitaria e a variable sexo non está totalmente integrada nas elaboracións de memorias e informes.

- Como barreiras cabe destacar a falta de medios económicos para dedicar a executar a algunhas das medidas previstas no plan.

Recomendacións:

A futura elaboración do novo Plan de Igualdade debe ter en conta certos aspectos derivados deste informe avaliativo. A continuación, expóñense algunhas recomendacións.

- Reducir o número de áreas e os seus obxectivos para tratar de non repetir medidas ou formular varias moi similares.
- Promocionar a creación de redes de mulleres para favorecer o seu empoderamento, socialización e participación social.
- Reforzar a atención ás persoas con diversidade funcional.
- Impulsar medidas que favorezan a conciliación durante a realización de calquera actividade formativa para favorecer a participación das mulleres.
- Reforzar a perspectiva de xénero no conxunto da acción municipal.
- Fomentar a transversalidade de xénero en todas áreas municipais, tanto no deseño de accións, como na execución e avaliación das mesmas.
- Promover a formación específica sobre a comunicación non sexista para que todo o persoal utilice unha linguaxe non sexista nas comunicacións e publicacións.
- Con respecto ao seguimento e avaliación é fundamental que se realicen reunións periódicas para avaliar o grao de execución das medida. Para iso é preciso involucrar ao persoal de todas as áreas neste proceso.
- Reforzar a formación específica orientada ás mulleres para favorecer o seu acceso e permanencia no mercado laboral.
- Continuar ofrecendo accións de sensibilización en materia de igualdade a toda a poboación.
- Consolidar a programación especifica orientada ao alumnado e as familias para promover os valores en igualdade.
- Promover o asociacionismo local e a creación de rede entre as asociacións da contorna.